

Resolución do 22 de abril de 2019, da Comisión de selección do concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos, convocado pola Orde do 22 de outubro de 2018 e pola Orde do 26 de febreiro de 2019 (DOG núm. 212 do 7 de novembro de 2018 e núm. 46 do 6 de marzo de 2019, respectivamente)

A comisión de selección designada pola Resolución do 11 de febreiro de 2019 para realizar a selección das persoas aspirantes as distintas prazas convocadas pola Orde do 22 de outubro de 2018 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específico e pola Orde do 26 de febreiro de 2019 pola que se amplía unha praza no concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos,

ACORDA:

Primeiro. Publicar, como anexo I desta resolución, a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, indicando para estas últimas a causa de exclusión.

Segundo. Publicar, como anexo II desta resolución, as puntuacións provisionais asignadas ás persoas aspirantes como resultado da aplicación do baremo segundo o disposto no artigo 8.1 da orde de convocatoria.

Terceiro. De conformidade co artigo 8.2 da orde de convocatoria, as persoas aspirantes poden presentar alegacións á lista de persoas admitidas e excluídas e os resultados provisionais das puntuacións ante a presidencia da comisión de selección no prazo de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no enderezo electrónico : <http://www.edu.xunta.gal>.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2019

Natividad Bouzas Carneiro

Presidenta da Comisión de selección

